


Foto: Carlos López Solarat

MARZO 2025

RESUMO MENSUAL DE ACTIVIDADES

CINBIO



© Carlos López Solarat

Células spider-man

A fotografía de marzo no calendario do #teamCINBIO está realizada por Carlos López Solarat, investigador do Laboratorio de Enfermidades Raras.

Nela observamos unha imaxe microscopia confocal de células de epitelio retiniano pigmentado humano (RPE1) con marcaxe fluorescente de transición epitelio-mesénquima (EMT, polas súas siglas en inglés), tras a estimulación de 6 horas con TGF-beta.



FunNanoBio en GCiencia

O medio especializado en contidos científicos, GCiencia, fíxose eco do traballo desenvolvido polo grupo FunNanoBio para aproveitar as propiedades ópticas únicas das partículas de menor tamaño e aumentar a capacidade de detección dos biosensores. [Máis información.](#)




TNT no Faro de Vigo

O Faro de Vigo fíxose eco do traballo do grupo TeamNanoTech. A reportaxe céntrase nun proxecto financiado polo Ministerio de Ciencia para o desenvolvemento do primeiro sistema para detectar e eliminar antibióticos no mar. [Máis información.](#)



Proxecto do grupo CME

Persoal do grupo de Evolución Molecular Computacional, liderado por Miguel Arenas, estuda a evolución de proteínas de virus que son diana de terapias e poderían usarse para o deseño de novos tratamentos contra o virus da SIDA e o SARS-CoV-2. [Máis información.](#)



Tribuna GCiencia

O sábado 12 de marzo, o diario dixital especializado en contidos científicos GCiencia publicou un artigo divulgativo da investigadora e líder do grupo CellCOM do CINBIO, María Mayán, sobre as últimas novidades arredor das vacinas contra o cancro.


[Artigo completo.](#)



Seminario Mohamed Chaker


O venres 14 de marzo, o Prof. Mohamed Chaker (*Institut National de la Recherche Scientifique Energy, Materials, Telecommunications*) impartiu o seminario "Plasma synthesis of oxide materials" dentro do ciclo CINBIO Seminar Programme.

[Máis información.](#)



TNT en Informativos TVG

Os informativos da Televisión de Galicia fixéronse eco dun proxecto do grupo TeamNanoTech, centrado no desenvolvemento de estratexias para a monitoraxe continua in situ de antibióticos en contornas acuáticas. A reportaxe completa está dispoñible a partir do minuto 24:52 [nesta ligazón.](#)



Filoxenómica en GCiencia

O medio especializado en contidos científicos, GCiencia, fíxose eco do traballo desenvolvido polo grupo de Filoxenómica do CINBIO, dentro do consorcio EPICOVIGA. A reportaxe céntrase nun artigo científico que amosa a introdución das variantes alfa, delta e ómicron do SARS-CoV-2 en Galicia. [Máis información.](#)



Seminario Josep Puigmartí Luis

O xoves 27 de marzo o Prof. Josep Puigmartí-Luis (*Departament de Ciència dels Materials i Química Física, Institut de Química Teòrica i Computacional*) impartiu o seminario *Revolutionizing materials engineering and processing with microfluidic tools* dentro do ciclo CINBIO Seminar Programme. [Máis información.](#)



Seminario Robert Hoye

O 27 de marzo o Prof. Robert Hoye (*Inorganic Chemistry Laboratory, University of Oxford*) ofreceu o seminario “Engineering Defects and Polarised Light Emission from Perovskite Nanocrystals” dentro do ciclo CINBIO Seminar Programme. [Máis información.](#)

ABRIL 2025

PRÓXIMOS EVENTOS



Formación

Ciclo CINBIO Seminar Programme:

- Martes 22 de abril ás 11:00 horas:

Seminario Dr. Liudmyla Storozhuk (*Dept. of Med. Phys. & Biomedical Eng., Faculty of Engineering Sciences, University College London*): "From Synthesis to Application: The Evolution of Magnetic Iron Oxide Nanoparticles".




- Xoves 24 de abril ás 11:00 horas:


Seminario de Prof. Yolanda Prezado Alonso (*Profesora de investigación Oportunius, Centro para la investigación en Medicina Molecular y enfermedades crónicas, Universidade de Santiago de Compostela*): "Winds of change in radiation therapy: how the dose delivery method modulates the biological response".



Divulgación

Volve CinVigo. Ciencia na rúa. 26 e 27 de abril de 2025





cinbio.es

